

BASES CONCURSO DA IMAXE DE MARCA PARA OS PRODUTOS DO IES O RIBEIRO

1. Obxecto do Concurso

Este concurso ten como obxecto a creación dunha imaxe de marca para os produtos elaborados no Departamento de Industrias Alimentarias IES O Ribeiro.

Precísase dun motivo principal, cor, tipografía e logo para dispoñer na presentación dos produtos.

O deseño gañador será o empregado para o etiquetado, packaging e promoción dos produtos elaborados polo Departamento de Industrias Alimentarias do citado Instituto.

Os cartazes e trípticos serán utilizados para a publicidade dos produtos lanzados ao mercado ao longo do presente e seguinte curso académico.

No Concurso valorarase a adecuación do deseño, orixinalidade e calidade estética.

Vai dirixido a estudantes do IES O Ribeiro, que cursen materias relacionadas co Debuxo Técnico e Deseño Gráfico.

2. Requisitos

- *Imaxe:*

O tamaño do deseño, en principio, non está limitado aínda que se considerará o axeitado a súa función, e posición dos envases do alimento no que vaia inserido, debendo de ser imprimible por un ou varios sistemas de impresión.

- *Contido da imaxe:*

1. Debe facer referencia ao IES O Ribeiro (Texto/Logo)
2. Debe facer referencias (visual ou en texto), o mundo do viño/aceite e sector alimentario en xeral.

3. Entidade Organizadora

O concurso está organizado polo Departamento de Industrias Alimentarias do IES O Ribeiro en colaboración co Departamento de Educación Plástica e Visual.

4. Presentación dos traballos

Os traballos poderanse presentar en sobre pechado. En dito sobre indicárase expresamente: CONCURSO DA IMAXE DE MARCA PARA OS PRODUTOS DO IES O RIBEIRO.

Xunto cos deseños entregarase un sobre pechado onde figuren os datos persoais do autor: nome, apelidos, curso e grupo que cursa e teléfono de contacto.

Asimesmo, deberán entregarse en formato electrónico no correo do Instituto ies.oribeiro@edu.xunta.gal. Débese poñer no asunto do correo “Concurso dunha imaxe de marca para os produtos do IES O Ribeiro”

5. Xurado

O xurado estará integrado por representantes dos diferentes estamentos do IES O Ribeiro, que como mínimo contará cos seguintes integrantes:

- Un representante do Equipo Directivo.
- Un representante do Departamento de Industrias Alimentarias
- Un representante do Departamento de Plástica.
- Un representante do profesorado
- Un representante de pais/nais
- Un representante do alumnado

6. Prazo e lugar de presentación

O prazo máximo de entrega será ata o día 28 de Febreiro de 2022 ata ás 15:00 horas do mesmo día. Será entregado ao profesorado do Departamento de Educación Plástica e Visual ou directamente ao Departamento de Industrias Alimentarias do IES O Ribeiro, ubicado no Edificio Abrente.

O deseño gañador pasará a ser propiedade do Departamento de Industrias Alimentarias, que poderá realizar as adaptacións mínimas necesarias para o correcto acabado final da presentación do produto.

7. Publicidade:

As bases e a súa convocatoria publicarase no Taboleiro do Centro Educativo así como na páxina web do centro.

8. Premio:

O Autor premiado recibirá un vale cun valor de 50 euros a gastar nunha librería do Concello de Ribadavia elixida polo Centro Educativo.